

Paixón atlántica da cor do sangue

Naceu coma sospiro
entre as rochas do Castelo
e medrou cara o Atlántico,
sempre, fitando as estrelas.

Estendeu as súas bágoas
de adolescente soñadora
nos campos dun outono,
(eran manantiais alimoados
de amargo esperanzado),
e floreceu en alegria
unha húmida noite de primavera.

Estouparon as FIDES
da súa feminilidade,
(nacera, cal sospiro,
de entre as rochas do Castelo),
e terras de marrón profundo,
carballo claro, prometeron confiadas
boas vides namoradas.

E medrou cara o Atlántico
fitando as estrelas
semellou bicalas cando o mar
truxo un neno da cor do sangue;
uvas de corazón apaixoadas.

Tinto de Cela había de ser femia,
pois nacera dun sospiro
no monte do Castelo.

O tinto de Cela houbo ser femia,
porque Cela foi sempre
sufrida muller traballadora, esperanzada.

O tinto de Cela sempre foi femia;
foi o seu mozo amante
o cabaleiro Océano galante.

Por iso medrará cara os arreáis;
porque tumbados, xuntos
o mar é a femia tinta,
gustaron sempre de soñar
futuros incertos e apaixoados,
no infinito sempre fitando as estrelas.